



CONCURSO ANTROIDO 2021

Concello de Guitiriz e Asociación Cultural Xermolos presentan as bases do concurso de Antroido 2021 nun formato diferente ao tradicional por mor da situación que estamos a vivir pola Covid-19.

CATEGORÍAS:

- Disfraz máis orixinal.
- Disfraz mellor elaborado.
- Disfraz máis humorístico.
- Disfraz máis musical.
- **NOVA CATEGORÍA: Como novidade este ano establece-se a de Mellor Meco.** Crea o teu boneco satírico do antroido.

MODALIDADES

- **VÍDEO:** Máximo 30 segundos, Gravado en posición horizontal.
- **FOTOGRAFÍAS:** Só serán válidas en formato JPG ou PNG.

No video pódese realizar unha pequena parodia, canción, baile aínda que non é obrigatorio.

PRAZO PRESENTACIÓN E INSCRICIÓN

A inscrición será do 12 ao 16 de febreiro, descargando as bases (Anexo I) da páxina web www.concellodeguitiriz.com para cubrir e asinar onde se aceptará a protección de datos e autorización para dar o consentimento do dereito ás imaxes e videos nas redes sociais e web do Concello de Guitiriz.

Xunto coa sinatura da solicitude de inscrición enviaráse a fotografía ou o vídeo ao correo antroido2021@gmail.com aportando os seguintes datos:

- Nome do disfraz.
- Nome e apelidos participante/ representante comparsa.
- Teléfono de contacto.
- Parroquia.



A participación está aberta a todas as persoas que teñan relación con Guitiriz. SEMPRE DENTRO DO MESMO NÚCLEO FAMILIAR (PERSOAS CONVIVENTES).

XURADO

O xurado estará formado por representantes do Concello de Guitiriz e a Asociación Cultural Xermolos.

A deliberación do xurado coñecerase o mércores 17 de febreiro no Facebook, na web do Concello de Guitiriz e da Asociación Cultural Xermolos.

PREMIOS

Os premios serán os seguintes:

- Todos os nenos e nenas participantes recibirán un agasallo.
- Aos gañadores de cada categoría faráselle entrega do xa tradicional goxo de antroido.

A PARTICIPACIÓN NO CONCURSO DO ANTROIDO DE GUITIRIZ 2021 SUPÓN A ACEPTACIÓN DAS BASES DO MESMO SENDO A DECISIÓN DO XURADO INAPELABLE.



ANEXO I SOLICITUDE INSCRICIÓN CONCURSO ANTROIDO GUITIRIZ 2021.

DATOS DA PERSOA PARTICIPANTE OU REPRESENTANTE DA COMPARSA :

<i>NOME DO DISFRAZ:</i>
<i>NOME E APELIDOS PARTICIPANTE/REPRESENTANTE:</i>
<i>DNI:</i>
<i>TELÉFONO:</i>
<i>PARROQUIA:</i>

**DOCUMENTACIÓN OBRIGATORIA QUE SE ACHEGA COA SOLICITUDE DE INSCRICIÓN:*

FOTOCOPIA OU FOTO DO DNI DO/A REPRESENTANTE LEGAL.

A lectura e aceptación destas cláusulas é condición indispensable para participar neste concurso do Antroido de Guitiriz 2021.

INFORMACIÓN PROTECCIÓN DE DATOS-

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos , informámoslle de que o Responsable de Tratamento dos seus datos persoais é CONCELLO DE GUITIRIZ , coa dirección RÚA DO CONCELLO Nª4, 27.300 Guitiriz (Lugo) ; correo electrónico Delegado de Protección de Datos info@concellodeguitiriz.com

1. FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán utilizados para facerlle participe da actividade promocionada descrita na presente solicitude , así como a xestión administrativa derivada da mesma.

Uso de Fotografías: Có fin de promocionar a nosa entidade, solicitámoslle que nos autorice o uso de fotografías do menor, nas nosas redes sociais e/ou páxina web. Por favor, marque a casilla que se axuste ao permiso que nos concede:

SI, dou o meu consentimento para que se publiquen as fotografías do menor nas redes sociais /web.

NON, dou meu consentimento para que se publiquen as fotografías do menor nas redes sociais/web



2. *PRAZO DE CONSERVACIÓN*: Os datos facilitados conservaranse mentres non se solicite a supresión dos mesmos e durante o tempo necesario para dar cumprimento ás obrigacións administrativas.

3. *LEXITIMACIÓN*: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga coa firma da presente circular e o interese público.

4. *DESTINATARIOS DE CESIÓN*: CONCELLO DE GUITIRIZ cederá os datos de carácter persoal baixo obriga legal e á empresa contratada para desenvolver a actividade , coa intención única de prestar o servizo para o que se lle contratou.

5. *DEREITOS*: Vostede pode exercer os seus dereitos de protección de datos en calquera momento; para elo, pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar ao CONCELLO DE GUITIRIZ o formulario de exercicio de dereitos, sempre acompañado dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade.

6. *INFORMACION ADICIONAL*: Pode solicitar por correo electrónico a información adicional e detallada sobre Protección de Datos ou consúltala en <https://www.concellodeguitiriz.com/gl/content/política-de-protección-de-datos>

Asdo.: _____

Guitiriz a _____ de Febreiro de 2021